

# Presentación

Como sinala o profesor Ramón Villares na súa *Historia de Galicia* publicada en 1985, «a emigración é o factor máis definitorio da poboación galega contemporánea, tanto pola cantidade como pola calidade, é un dos escasos elementos que sitúa a Galicia, aínda que a un custo excesivamente alto, no ritmo do capitalismo a nivel mundial». O Arquivo Sonoro de Galicia, na súa actividade diaria, comproba como o mundo da emigración determina a vida cultural galega dende a metade do século XIX ata practicamente os nosos días: gravacións, edicións fonográficas, documentos variados que como pingueiras de historia van paulatinamente enriquecendo os seus fondos. O relato do pasado musical e sonoro non pode ser construído sen ter como referencia fundamental o feito de que cidades como Bos Aires, Caracas ou A Habana foron os centros importantes da produción cultural galega mesmo antes da Guerra Civil e, posteriormente a ela, convertéronse no soporte etnicitario dunha sociedade rota, truncada pola violencia e a represión. É evidente que un dos encontros «O Son da Memoria» debería centrarse na consideración dos diferentes aspectos dun fenómeno que nos marcou profundamente e, dende a perspectiva antropolóxica e etnomusicolóxica, achegar outro enfoque a diferentes acontecementos e procesos que tiveron lugar neste contexto. O desenvolvemento en América da música de tradición oral e a música culta galega, a forte presenza da emigración en Portugal, o debate arredor da consideración como patrimonio galego das producións editoriais discográficas en Arxentina e a súa protección e preservación centraron as conversas e as intervencións que agora nos ofrece o Arquivo Sonoro de Galicia, nun momento de especial interese xerado polas consecuencias da intensificación dos movementos inmigratorios e as súas manifestacións culturais, que perfilan un futuro ben distinto no que agora nos toca o papel de receptores, un papel que deberemos desempeñar con eficacia e respecto, como cómpre a un pobo que nun momento da súa historia protagonizou tamén o éxodo masivo da súa xente.

**Rodrigo Romaní**